

OPTATIVAS 6º

INICIACIÓN AO JAZZ

A optativa de Jazz é unha materia de carácter teórico-práctico na que se tratan temas como a harmonía de Jazz (cifrado americano, escalas de Jazz, modos, etc.) e a práctica da improvisación en pezas do repertorio jazzístico (standars, blues, funky, bossanova, swing, etc). Nela teñen cabida todos os instrumentos.

SOCIAL MEDIA. REDES SOCIAIS PARA MÚSICOS DENDE A PERSPECTIVA PROFESIONAL

A materia Social media para músicos ten como obxectivo desenvolver competencias para que calquera profesional da música, sexa intérprete, compositor, pedagogo, musicólogo, produtor e/ou xestor, entre outros, poida crear e xestionar o seu propio ecosistema de social media: web e redes sociais.

Os social media outorgan visibilidade, favorecen a conexión con outros profesionais do sector, permiten a conexión co público e constitúen, en definitiva, unha vía para acadar oportunidades de crecemento sempre que se xestionen de maneira adecuada

Os obxectivos da materia de Social media para músicos son:

- SMGP6.01 Comprender a web e as redes sociais como canles de comunicación profesional
- SMGP6.02 Desenvolver unha presenza profesional en liña, coherente coa identidade da marca
- SMGP6.03 Crear contidos relevantes e con impacto en diferentes formatos (texto, imaxe, audio, vídeo), coherentes coa canle de comunicación empregada e o público ao que se dirixen
- SMGP6.04 Xestionar a web e as redes sociais de maneira optimizada, desenvolvendo dinámicas encamiñadas a xerar engagement
- SMGP6.05 Analizar o impacto dos contidos coa finalidade de adoptar as estratexias adecuadas en cada momento
- SMGP6.06 Coñecer os fundamentos da comunicación, márketing e promoción en contextos dixitais
- SMGP6.07 Actuar de xeito crítico e responsable no uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación
- SMGP6.08 Desenvolver hábitos de aprendizaxe eficaces

Fundamentalmente, desenvolveranse dous tipos de actividades:

- seminarios interactivos sobre temas relevantes de social media, comunicación e márketing dixital, estudo de casos
- obradoiros para a posta en práctica dos coñecementos e competencias: creación e xestión de web e redes sociais, creación de contidos de fotografía, audio, vídeo para social media

OPTATIVAS 6º

Abordaranse os contidos e competencias específicas para que o alumno/a sexa quen de desenvolver un proxecto de social media conformado por web e redes sociais.

MÚSICA TRADICIONAL GALEGA

"A materia de MTG trata de aportar unha visión da etnomusicoloxía e folklore galegos, facendo un percorrido, entre outras cousas, polas fontes máis sobresaíntes, parámetros musicais, autores, xéneros, organoloxía e contextos de representación máis significativos dentro da xeografía galega".

TÉCNICAS DE COMPOSICIÓN ADAPTADAS Á DIDÁCTICA

Esta materia pretende desenvolver no alumnado a capacidade de decidir qué procedementos básicos das diferentes técnicas compositivas son os máis axeitados para cada momento da composición de exercicios ou pequenas obras e adecuar estes procedementos coherentemente a premisas didácticas.

Desenvolveranse as capacidades seguintes:

1. Coñecer as técnicas compositivas e os procedementos básicos para a correcta elaboración de exercicios e pequenas composicións de carácter didáctico.
2. Coñecer os elementos da linguaxe musical e as súas aplicacións na práctica compositiva.
3. Analizar obras de carácter didáctico e artístico que sirvan como modelo para a realización de composicións.
4. Utilizar en exercicios escritos os elementos e procedementos estudados.
5. Compoñer pezas breves partindo dun motivo, dunha melodía ou dun texto dado.
6. Desenvolver a creatividade na composición de pezas libres.
7. Valorar os elementos da linguaxe musical utilizados na composición, aplicándoos de xeito lóxico e coherente.

ADESTRAMENTO AUDITIVO

Esta materia pretende desenvolver no alumnado a capacidade de recoñecer os diversos parámetros da linguaxe musical que interveñen nunha composición a través dunha escoita consciente e a capacidade de representalos a través da escrita.

Desenvolveranse as capacidades seguintes:

1. Desenvolver o oído interno como ferramenta básica para a análise musical.
2. Desenvolver a capacidade de concentración na escoita musical.
3. Desenvolver a memoria sonora.
4. Interiorizar patróns sonoros concretos.

OPTATIVAS 6º

5. Identificar auditivamente diferentes tipos de acordes así como procesos harmónicos da música tonal.
6. Aplicar coñecementos históricos e compositivos básicos que permitan identificar e contextualizar os elementos sonoros
7. Desenvolver a capacidade de transcripción de diferentes elementos da linguaxe musical: ritmo, melodía, harmonía, forma, textura.
8. Recoñecer diferentes elementos tímbricos que interveñen na música orquestral.
9. Reproducir en exercicios escritos os elementos e procedementos escoitados.

IMPROVISACIÓN

A Optativa de Improvisación baséase na práctica rítmica de ritmos, tanto de tipo folclórico como africano, brasileiro, tradicional... así como como de tipo moderno rock, pop, funky, etc... Unha vez é asimilado un tipo de ritmo comezamos co aprendizaxe de frases, o contexto rítmico, así como a improvisación individual, por parellas, incluso en grupo. Ao final, o grupo aprende un repertorio de pezas que se poden interpretar en diferentes espazos formais e non-formais. Para elo empregamos instrumentos tradicionais de percusión.

ORQUESTRA BARROCA

O obxectivo da materia é cubrir o espazo nos planes de estudo de instrumentos de música antiga nos que non existe un só ano de formación orquestral.

É necesario o emprego de instrumentos antigos (copias) para participar na orquestra, xa que a sonoridade propia da formación fai de moi difícil empaste a mixtura con instrumentos modernos clásicos. No caso da corda pódense empregar instrumentos modernos pero adaptados con cordas de tripa..

Outro aspecto importante é o ton de afinación: La=415Hz, convenio contemporáneo empregado como estándar para agrupacións de música antiga, diferente ao convencional La=440/442 Hz. Trasposicións de semitono fan casi inviable para os alumnos a execución das pezas. Sin embargo, instrumentos sobre La=465Hz, especialmente para instrumentos de vento, poden integrarse con facilidade sobre unha trasposición de ton.

FORMACIÓN CORAL PARA INSTRUMENTISTAS

A materia optativa Formación Coral para instrumentistas consiste en participar cantando no Coro II.

Cantar no Coro permítelle ao alumnado desenrolar capacidades auditivas, favorece a audición harmónica, entrena o oído interno e a memoria musical, traballando a respiración, a afinación e o empaste vocal. Ademáis cantar no Coro fomenta o traballo en equipo, proporcionando vivencias musicais únicas tanto nos ensaios como nos concertos.